

Conclusión: Manifiesto en favor do Coñecemento público

Des Freedman e Justin Schlosberg

Este libro¹ identificou exhaustivamente as maneiras en que foron minadas as institucións que tradicionalmente distribuían formas compartidas de coñecemento público. Argumentouse que os principios neoliberais, os criterios económicos relacionados coa austeridade e a oferta de contidos moi segmentada na rede reduciron e distorsionaron os espazos nos que os cidadáns chegaran a saber uns doutros e a aprender do mundo: a través das esferas da comunicación e dos medios, da educación, da política e dos asuntos públicos. Levou isto a unha situación na que somos menos capaces de supervisar as estruturas e procesos que conforman as nosas sociedades e, en consecuencia, a que pareza menos probable estar informado e participar en cuestións de gran interese público.

O coñecemento público non é só a imaxe especular das decisións privadas e non se reduce á produción e circulación dunha gama de mercadorías que o mercado pode soste-lo ou non. O seu obxectivo principal non é vender datos de usuarios a intermediarios dixitais ou a atención da audiencia ós anunciantes. En troques diso, refírese a unha esfera de información e cultura que se funda na necesidade de servir ó interese público, precisamente por que as transaccións absolutamente dirixidas polo mercado probablemente favorezan a circulación de coñecemento que privilexia as redes da elite e canles privadas. O coñecemento público é a propiedade dos cidadáns, dos que cómpre satisfacer as necesidades, independentemente da súa capacidade adquisitiva, localización xeográfica ou orixe social.

O coñecemento público e, logo, un “ben público” clásico: un fenómeno que é “non rival” no sentido de que o consumo dunha persoa non limita o disfrute de ningunha outra e no sentido de que o seu beneficio social maximízase cando máis xente teña acceso a el. Os bens públicos típicos, segundo Onora O’Neill (2016) inclúen “a moeda fiable, o poder xudicial incorrupto, as bases de datos médicas, a lingua común, os sistemas de control de fluxos, os faros e a iluminación pública”² ós que debemos engadir un sistema informativo imparcial, emisións de servizo público, educación superior gratuíta e accesible, un sistema de bibliotecas orzamentariamente ben dotado e redes dixitais sen propietario e de uso gratuíto.

Preocúpanos que os bens públicos queden circunscritos polos bens mercantís e lucrativos, que son o seu equivalente. Queremos contribuir a revertir-lo control da produción de coñecemento e da toma de decisións, para que deixen de depender de estruturas que, amais de non ter reponsabilidades perante os usuarios, están tamén explicitamente entretecidas cos poderosos intereses que, antes de nada, necesitan ser regulados.

Recoñecemos a escala e límites das formas de resistencia participativas e alentadas polas redes electrónicas, que poden crear e crearon espazos de comunicación novos nos que prosperan os bens públicos pero están constrinxidas polas forzas represivas da segmentación de audiencia, da atomización e da vixilancia, amais das fendas persistentes no acceso ós medios e alfabetización mediática. As reformas progresistas teñen que se orientar a *facen públicos* estes espazos por medio de formas de regulación que promovan os dereitos de privacidade, a diversidade de exhibición significativa e unha igualdade de acceso xenuína.

Ó mesmo tempo, persisten os vellos atrancos e as formas tradicionais de poder de selección temática. Hai aínda un *conxunto de temas* ou *axenda* do coñecemento, que trascende os grupos sociais fragmentados e polarizados e da que as probas empíricas prevalectes suxiren que aínda está dominado por unha presa de megáfonos institucionais. Ó tentar encarar e desafiar as formas novas e velhas de poder comunicativo concentrado, cómprenos preguntar: *De quen son os megáfonos? Como é que se amplifican as súas voces? Cal é a extensión da súa influencia sobre o coñecemento e debate público?*

Por mor de lograr isto, hanos cumprir facer tres cousas: en primeiro lugar, teremos que desmistificar as narracións prevalectes sobre a sociedade do coñecemento e o pretendido aumento do poder cívico que se lle asocia. As máis das probas empíricas das que dispomos suxiren que aínda non entramos, nin estamos entrando, nunha idade de ouro na que a información corra libremente e na que os cidadáns sexan os únicos determinantes das formas de coñecemento, información e cultura que dan tido relevo no dominio público. Aínda non fomos testemuñas da democratización do poder de selección temática (“gatekeeping power”) que estivo e está en mans dos propietarios e xestores de organizacións informativas, universidades, editoriais, estudos cinematográficos, compañías de edición musical, cadeas televisivas e outros produtores relevantes de coñecemento e cultura.

En segundo lugar, cómpre prestarmos atención a aparición de novas formas de poder de selección temática (“gatekeeping power”) encoberto dos monopolios dixitais que controlan os medios polos que atopamos e nos implicamos na información, o coñecemento público e a cultura. En todo caso, mentres que a narración *crítica* prevalecte da sociedade do coñecemento suxire que os monopolios dixitais suplantaron o poder dos “medios vellos”, esta noción desatende un punto crucial: que por tras das loitas discursivas e batallas legais entre os produtores e intermediarios dominantes hai unha realidade de interconexións e dependencias mutuas crecentes. Os contidos son o pan e o sal da investigación e das industrias dos medios sociais, mentres que o “interruptor” da rede que controlan converteuse na corda de salvamento das industrias de contidos.

Finalmente, cómpre rexeitarmos unha lóxica instrumentalista dominante referida á eficiencia dos mercados e as crúas auditorías e pór no seu lugar unha lóxica diferente: unha lóxica fundada na adopción de principios progresistas dirixidos

¹ Davis, A. (ed.) *The Death of Public Knowledge? How Free Markets Destroy the General Intellect*. Londres, Goldsmiths Press, 2017.

² O’Neill, O. 2016. “Public Service Broadcastings, Public Value and Public Goods.” En *A Future for Public Service Television: Content and Platforms in a Digital World*, 173-174. Londres: Goldsmiths, University of London. <http://www.futureoftv.org.uk/report>.

a asegura-las *condicións* nas que o coñecemento público poida ser protexido e nutrido. Estas condicións poderían incluí-las seguintes:

**Independencia*: A habilidade de ser significativamente autónomo a respecto de intereses encobertos.

**Diversidade*: O recoñecemento dos grupos e intereses minoritarios e o compromiso de articular diferenzas máis ca impor un consenso artificial.

**Universalidade*: A necesidade de satisfacer os grupos todos independentemente da xeografía, status ou orixe e de desafiar tódolos intentos de excluír usuarios fundándose na súa incapacidade para pagar.

**Pluralidade*: A provisión de recursos múltiples de coñecemento público, en troques do control oligopólico dos mercados de coñecemento.

**Redistribución*: O compromiso de supera-las barreiras estruturais que impidan participar en sectores de coñecemento e promover fluxos de recursos económicos que redistribúan mellor os recursos económicos atendendo á necesidade e capacidade de pagar.

**Transparencia*: O requisito de que os produtores de coñecemento público declaren tódolos intereses que poidan impedi-la súa capacidade para ofrecer servizos independentes e fiables.

**Responsabilidade*: A capacidade do público de inspeccionar e de influír nos servizos prestados no seu nome.

Este principios poderían realizarse por medio dos seguintes mecanismos e compromisos:

Orzamentos públicos garantidos para apoia-la creación e diseminación de coñecemento público e para nutrir unha infraestrutura de educación e coñecemento que poida axudar a medrar á economía.

Cando a produción a fagan corpos privados, estas organizacións deberán declarar explicitamente o compromiso de maximización do capital humano e do valor público, máis do que os beneficios dos accionistas.

Crear recursos de infraestruturas de banda ancha deseñadas e xestionadas a maneira de recursos públicos, non a maneira de comunidades de acceso restrinxido.

Establecer normas fortes de “neutralidade da rede” para asegurar que as canles das redes electrónicas non son discriminatorias e están abertas a todos.

Protexe-la privacidade e salvagarda-los datos. Do mesmo xeito que en moitas cidades hai o requisito de que os construtores privados ofrezan vivendas asequibles en todo edificio novo, os intermediarios dixitais debería cumprilo requisito de ofrecer espazos que estean totalmente libres de propaganda (“cookies”) e de instrumentos de seguemento que minan a privacidade dos usuarios e converten os seus datos en mercadoría.

Usar impostos e gravames sobre os beneficios dos intermediarios de información privada para apoia-los produtores de coñecemento non lucrativo: por exemplo, formas novas de xornalismo de interese público, educación pública, apoio legal especializado e creación de contidos dixitais.

Aumenta-la transparencia dos encontros e relacións entre grandes medios de comunicación e figuras das política e os asuntos públicos, para asegurar que os detalles das interaccións se publican dunha maneira máis puntual, accesible e comprensible.

Conclusión

Unha axenda reformista verdadeiramente progresista necesita prestar atención tanto ós novos vehículos de produción e distribución do coñecemento público como reconfigura-los vellos de maneira que os faga máis democráticos, responsables e sostibles. No tocante ó primeiro, hai unha particular necesidade urxente de examina-los efectos no coñecemento público causados pola colaboración intensificada entre os actores dominantes do abastecemento de noticias e información. Os xigantes tecnolóxicos convertéronse nos instrumentos polos que algunhas marcas informativas están alcanzando audiencias máis grandes ca nunca, pero tamén na causa do enmascaramento do fracaso do mercado no negocio das noticias. Á sombra desta relación recíproca algúns vehículos dos bens de coñecemento público están sorportando intensas presións que, nalgúns casos, poñen en risco a súa existencia.

Este é especialmente o caso dos que intentan facer xornalismo local e de formas extensas fóra do control do estado e do mercado. Rexenerar estas esferas críticas de coñecemento e produción cultral non vai ofrecer unha panacea ós

problemas discutidos neste volume, pero de certo ofrece un punto de partida, porque as noticias son o medio principal que ten a maioría da xente das sociedades capitalistas avanzadas de se relacionar e implicar na vida cívica.

Alén das noticias, as institucións que veñen distribuindo coñecemento público, como é o caso das universidades, bibliotecas e emisións de servizo público foron criticadas con razón por ser ás veces elitistas, paternalistas, cautelosas ou distantes de máis. De por parte, estas institucións víronse forzadas decote a competir cos abastecedoros comerciais ou a se disciplinar elas mesmas para actuar máis decisivamente a xeito de suxeitos neoliberais. O que podería ser unha idea marabillosa (a dunha forma de cultura emancipatoria e e carente de propietarios) viuse entón distorsionada polas presións baixo as que se ve forzada a actuar. Queremos asegurar oportunidades para o coñecemento público que sexan verdadeiramente independentes do estado e do mercado e que faciliten unha implicación crítica expansiva co mundo no que vivimos.

Todo isto require esforzos extensivos de organización e tradución para que as restriccións novas e en curso que se queren impor ó coñecemento público se fagan máis *visibles* e as ideas de reformas progresistas se fagan máis audibles tanto no debate público coma no debate sobre medidas políticas e administrativas. Tamén é necesario establecer conexións con movementos de reforma máis amplos nas esferas da xustiza económica, ambiental e social e na loita contra as iniquidades e inxustizas do capitalismo global.